

# TALLERES

Ao longo do curso 2008/2009 fixéronse dous talleres no centro, coa colaboración do INLUD'ES. Un taller tratou sobre a elaboración de tapices e outro sobre os instrumentos musicais. Participaron os nenos e nenas de 3º-4º-5º e 6º. A continuación un resumo feito polos nenos/as de 5º de primaria sobre os instrumentos musicais realizados no curso:

## TALLER DE INSTRUMENTOS MUSICAIS

### MIRLITÓN

#### MATERIAL:

CAÑA

LIMA

PAPEL DE PINTOR (UN ANAQUIÑO) OU OUTRO PLÁSTICO

GOMA

#### PASOS:

- 1º. Cortamos un trozo de cana
- 2º. Limpámolo ben coa lima por dentro.
- 3º. Coa lima, máis arriba do medio, facemos un burato (coa lima pola parte onde fai onda)
- 4º. Na boca pónselle un trocico de papel de pintor (ou outro plástico) e atámolo cunha goma.
- 5º. Tócase soprando polo burato como se fose un cazú.  
Podémolo decorar como nos guste.



### ASUBÍO

#### MATERIAL:

UNHA AVELA

UNHA LIXA

UN CLIP

#### PASOS:

1. Lixamos a avela pola punta ata que se forme un burato.
2. Quitamoslle o de dentro cun clip.
3. Adornamos a avela.
4. Tócase soprado no burato como se fose unha frauta.



## CANIÑA


### MATERIAL:

CANIÑA

CINTA ADHESIVA

SERRA

LIXA OU LIMA



### PASOS:

- 1.-Córtase un cacho de cana duns 9 cms de longo.
- 2.- Despois córtase pola metade.
- 3.-Líxase ben por dentro e polos bordes.
- 4.-Por un dos extremos pegase coa cinta adhesiva(cinta americana).
- 5.- E despois xa podemos tocala como se fose unha castañola.

## CANTAGALO

### MATERIAL:

UN ANACO DE PAU

UN ANACO DE PAPEL PEQUEÑO

UN LIXA DE PAPEL E OUTRA DE MANGO

UNHA SERRA

### PASOS:


1. Cortamos un anaco de pau.
2. Despois lixámola ata que quede por arriba e por abaixo iguais.
3. Cortámolo polo medio pero non de todo haille que deixar un pouco sen cortar.
4. Despois suxetámolo e facémoslle os adornos que nos gusten.
5. Por último metémoslle o cacho de papel na ranura do corte.
6. Sopramos para ver se soa, pero coidado, porque se molla o papel non soa.



# RUXE RUXE

## MATERIAL:

- 1 PAU DELGADIÑO DE 10 CM MÁIS OU MENOS
- OUTRO PAU DE 5 OU 6 CM
- 2 NOCES
- 1 TROZO DE FÍO



## PASOS:

- 1º Facerlle un burato a unha das noces e pegarlle o pau grande.
- 2º Á outra noz abríla con coidado sen rompela, baleírala, a unha parte facerlle dous buratos un por riba e outro polo lado e ao outro un por baixo.
- 3º Pegámola noz.
- 4º Atar o fío ao pau grande e enrolalo, pasalo polo burato do lado da noz e introducir a noz polo pau.
- 5º O pau pequeno atámolo ao extremo do fío.
- 6º Para tocalo agarramos a 2ª noz e tiramos do fío.

# CARRIZO DE NOZ

## MATERIAL:

- 1 NOZ,
- 1 LIMA,
- 1 LIXA,
- 1 TROZO DE SEDEL,
- 1 PAU ESTREITO, PLANO
- 1 SERRA.



## PASOS:

- 1º. Collemos unha noz, con moito coidado de que non rompa, abrímosla a metade e quitámoslle o de dentro.
- 2º. Limpámola ben.
- 3º. Collemos unha lixa e poñémola encima da mesa e lixamos a noz pola parte de abaixo ata que vexamos mais ou menos a medida de 3cm.
- 4º. Cunha lima facémoslle uns buratiños (coa lima de lado) nos extremos da parte de abaixo (un en cada extremo e cerca de onde lixamos)
- 5º. Cortamos un anaco de sedel e dámoslle 4 voltas ao redor da noz, pasando polos buratos. Dadas as 4 voltas atamos con 4 nudos.
- 6º. Cortamos coa serra un anaco de pau plano e estreito.
- 7º. Coa lixa, lixámolo polos dous lados e nos extremos dámoslle forma redondeada, co pau recto e pasámolo 3 veces por cada esquina.
- 8º. Co pau xa preparado, entre dúas das voltas do sedel, metemos o pau.
- 9º. Ímoslle dando voltas (tirando polo pau e xirándoo).
- 10º. Cando o teñas ben feito, dáslle ao pau un golpeciño cara abaixo e soa.  
Por último (se queremos) decorámolo como máis nos guste.